

5

SANTIAGO DE COMPOSTELA:
CAPITAL CULTURAL DE GALIZA

UN TEMPERAMENTO POR
ENTERIO MUSICAL

AO SON DA MÚSICA

ROSA LÍA DE CASTRO
E O TEATRO

Aventura
da Rosalía

SANTIAGO DE COMPOSTELA: CAPITAL CULTURAL DE GALIZA



Convento de Santo Agostino, no que se emprazaba o Liceo de la Juventud

A mediados do século XIX, nun momento determinante para a súa formación, Rosalía trasládase a Santiago de Compostela. Na Sociedad Económica de Amigos del País estuda música e debuxo; participa nas actividades que organiza o Liceo de la Juventud e relaciónnase coa intelectualidade comprometida co futuro da nación.

Das relacións amicais orixinadas nesta etapa, destaca a que a uniría a Aurelio Aguirre e ao autor de *Queixumes dos pinos* (1886), Eduardo Pondal, cuxa familia a convida á romaría da Virxe da Barca do ano 1853.




Aurelio Aguirre (1833-1858), a quen Rosalía dedicou o poema de carácter elexíaco «Lágrima triste en mi dolor vertida». O poeta compostelán morreu afogado na coruñesa praia de Santo Amaro, aos 25 anos de idade.

"Nosa Señora da Barca
Ten o tellado de pedra;
Ben o puidera ter de ouro,
Miña Virxe, si quixerá"

*¡Canta, gente..., canta gente
Por campiñas e por veigas!
¡Canta polo mar abajo
Vén camiño da ribeira!*

*¡Que lanchas tan ben portadas
Con aparellos de festa!
¡Que botes tan feituquiños,
Con tan feituquiñas relás!*



Eduardo Pondal (1835-1917) encargouse, con Aguirre, da lectura dos brindes poéticos no célebre Banquete de Conxo (1856). Este acto político, ao que talvez Rosalía tamén asistise, foi duramente censurado.

Fragmento.

Cantares gallegos

(1863)

Mariña, de Ovidio Murguía.
A musicalidade asociada ao Océano está presente en toda a producción rosaliiana, xa desde a súa primeira novela, *La hija del mar* (1859).



6

SANTIAGO DE COMPOSTELA
CAPITAL CULTURAL DE GALIZAUN TEMPERAMENTO POR
ENTEIRO MUSICAL


AO SON DA MÚSICA

ROSA LÍA DE CASTRO
E O TEATRO

UN TEMPERAMENTO POR ENTEIRO MUSICAL

A educación de Rosalía foi moi superior á das outras mozas do seu tempo e condición. Coñecía a lingua francesa, debuxaba con facilidade e, entre outros instrumentos, tocaba o piano, a guitarra ou a flauta. Sen dúbida, se tivese podido recibir unha educación adecuada, tería sido unha grande compositora.

Aínda adolescente, fíxelle gravada na retina a imaxe das hordas de aldeáns a baixaren das montañas na procura de alimento durante a fame de 1853. Moi especialmente, sorpréndea a música estraña e orixinal que os asubíos dun neno conseguían producir. As palabras de Rosalía son recollidas polo espozo no relato *"Ignotus"*.



“¡Será un inspirado -díxenme-, víronse tantos que empezaron deste xeito!

E para me asegurar separáreme do seu carón e collendo a guitarra preludiei a fermosísima barcarola da Estraneira. Naquel instrumento más sonoro que a nosa guitarra, as notas parecían vibrar sobre a auga adquirindo así sobre flexión e portanto maior harmonía e encanto”



AO SON DA MÚSICA



Comproba o carácter musical da poesía de Rosalía de Castro!

Recita o fragmento proposto ao ritmo da música e escucha despois a versión cantada.

alborada*

À más grande dificultade que achei pra escribir esta alborada,
foi o meu desejo de que saíse nun
todo arreglada á música.

Consegúin esto, pro foi á custa
da poesía; non podía ser doutro modo,
cando se dá cun aire tan
estrano e tan difícil de
acomodarlle letra algunha.

Vaite noi-
te — Vai fuxin-
do — Vente auro-
ra — Vente abrin-
do — Co teu ros-
tro — Que sorrin-
do — ¡¡¡A sombra
espanta!!!

¡Canta...!

Paxariño can-
ta — De ponliña en pon-
la — Que o sol se levan-
ta — Polo monte ver-
de — Polo verde mon-
te — Alegrando as her-
bas — Alegrando as fon-
tes...!

¡Canta, paxariño alegre,
Canta!

Canta porque o millo medre,
¡Canta!

Canta por que a luz te
escoite

¡Canta!

Canta que fuxeu a noite.

Fragmento de "Alborada", en

Cantares gallegos (1863).

8

SANTIAGO DE COMPOSTELA
CAPITAL CULTURAL DE GALIZAUN TEMPERAMENTO POR
ENTERIO MUSICAL

AO SON DA MÚSICA

ROSALÍA DE CASTRO
E O TEATRO

ROSALÍA DE CASTRO E O TEATRO



A relación da autora de *Cantares gallegos* co teatro remóntase á súa actividade no Liceo de la Juventud compostelano.

Aos 17 anos de idade representara o papel protagonista da *Rosmunda de Gil de Zárate*, interpretación aplaudida e celebrada de maneira formidábel e que foi só a primeira de moitas outras. Asemade, innúmeros textos da poeta están dotados dunha importante forza dramática.



Antonio Gil de Zárate (1796-1861),
autor da obra de teatro en que
Rosalía de Castro
debutou

ROSMUNDA,

DRAMA

EN CUATRO ACTOS.

POR

Don Antonio Gil de Zárate.

Indicadas de la Academia Espaola.

MADRID:
EN LA IMPRENTA DE YENES,
CALLE DE SEGOVIA, NÚM. 6.
1859.

¡NINAS ESCURAS!

-Todo está negro, as sombras envolven a vereda,
E nin o ceu ten ellos, nin o pinar ten lengua.

-Vamos! Do que hai oculto, ¿quen mideu as fonsuras?
¡Alma n'habrá que sepa!... ¡ven!... a noite está escura.

-¿Escura?... mais relumbría non sei que luz traidora...
-É unha estrela que brila nas augas bulidoras.

-¿E non vies que ruge algo donde aquél heraldo?
-É o vento que anda telo correndo ante a follax.

-Escucha, sinto pasos, e asoma seica un vallo...
-S é un vivo, matarémolo! non fala s é difunto.

-Mais aquí onde este cómaro, hai unha cova fonda,
Ven, e santos ou déños, que nos atopen ora.



Episodio da batalla de Tetuán, obra de Eduardo Rosales (1868).

Rosalía actúa no drama histórico *Antonio de Leiva*, de Juan de Ariza, organizado pola comunidade universitaria compostelá en 1860.

O obxectivo era recadar fondos para os combatentes feridos na Guerra de África.

Rosalía de Castro